

A recuperación

A recuperación ambiental

Unha vez rematada a marea negra hai que proceder á recuperación do medio ambiente e dos sectores sociais e económicos afectados por ela, que en moitos casos quedan danados de forma irreversible ou tardan moitos anos en recuperarse. Esta tarefa, aínda que en moitos casos é a menos visible, é en realidade a máis importante, a máis custosa e a máis lenta.

É imprescindible devolverlle a calidade ao ambiente e o medio de vida ás persoas



Adela Leiro
Mon Daporta



A recuperación ambiental ten que ter en conta aspectos físicos e biolóxicos. Hai que recuperar a paisaxe (dunas pisadas, areas remexidos, residuos abandonados, zonas manchadas...) a diversidade biolóxica (recuperar e manter a variedade e cantidade das especies da zona) e a calidade das augas.

Biorreparación

Recuperación das zonas afectadas por medio de microorganismos (bacterias e fungos) que se alimentan dos hidrocarburos e transfórmanos en substancias non contaminantes. A biorremediación prodúcese de forma natural, pero nos grandes desastres pódese acelerar sementando axentes degradadores ou favorecendo o seu desenvolvemento engadíndolle nutrientes.



Sementando unha mestura de bacterias e nutrientes (fósforo, nitróxeno e ferro)



Placas de experimentación

O Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) realizou experiencias de biorreparación na illa de Sálvora.

A recuperación económica




Despois de pasados os primeiros efectos dunha marea negra hai que avaliar o estado dos bancos pesqueiros e marisqueiros para programar a súa apertura e a volta ao traballo cunhas mínimas condicións que garantan a recuperación económica do sector sen esquilmar os recursos.



Tamén se debe:

- Facer promocións dos produtos e das zonas afectadas.
- Axudar aos sectores prexudicados a recuperarse.
- Promover alternativas para os sectores que non poidan recuperarse.
- Esixir os pagos de indemnizacións aos responsables.



Os efectos da marea negra do Prestige e a falta de medios, tanto para a loita contra o fuel como para deseñar unha recuperación dos sectores afectados, fixo que se producisen manifestacións para esixir solucións.

O control da calidade das augas e dos produtos do mar

Para facer un seguimento da recuperación das especies, prever riscos para a saúde e garantir a comercialización de produtos de calidade é fundamental manter unha estrita vixilancia e control da auga e das especies marisqueiras e pesqueiras.

Os controles pódense facer por medio de mostreos con aparellos de pesca e marisqueo, prospeccións de fondos, análises de auga, do substrato e das especies.



Tratamento dos residuos

Os hidrocarburos recollidos do mar e das praias poden ser tratados nas refineries para seren reutilizados, neutralizados para seren usados como recheo, calcinados, incinerados ou confinados en vertedoiros.

